

El blanqueo de dinero en la normativa internacional. Especial referencia a los aspectos penales

Miguel Abel Souto

Universidade de Santiago de Compostela e Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2002. 332 páxs.

A monografía do profesor Abel Souto ten como obxectivo analizar e pór de manifesto que a actual situación do branqueo de diñeiro require unha resposta internacional, precisamente polo carácter eminentemente mundializado que adquiriu a institución obxecto de estudo.

É unha obra que albisca a ampla formación académica do autor, aspectos que aparecen moito máis subliñados se temos en conta que a dita obra non é senón unha reelaboración e reaxuste do que foi, e é, un traballo de formación doutoral que pola propia natureza deste é moito máis extenso no que a referencias bibliográficas e grao de detalle se refire. Esta situación, como dicíamos é fundamental á hora de achegármonos a esta monografía polo que de detalles puntuais e precisións presenta, é dicir, que non consegue baixar do todo da excesiva altitude tanto terminolóxica coma detallística, sobre todo no que se refire a notas bibliográficas; situación que, por outro lado, é de agradecer e garante o rigor da monografía.

A obra preséntasenos no formato habitual das publicacións da universidade galega e responde á monografía número 209 do servizo de publicacións mencionado. Este formato habitual presenta pasta semidura en tamaño de 21 centímetros por 15 centímetros. Pode presentar certos problemas a súa localización nas librarías habituais por problemas de distribución, aínda que en ningún caso é unha obra de imposible adquisición.

Iníciase a obra cun prólogo do profesor José Manuel Lorenzo Salgado, cate-drático da Universidade de Santiago de Compostela que se limita a mencionar o seu carácter de director de tese do autor do libro e a ir analizando capítulo a capítulo os contidos máis destacados de cada un deles.

O libro divídese en oito capítulos, dos cales seis non son senón os seis avan-ces xigantescos que os organismos supraestatais realizaron a prol da prevención e evitación do fracaso das iniciativas estatais que intentaban ser unha resposta ao branqueo de diñeiro e á súa internacionalización. En definitiva, o libro estrúturase do seguinte xeito:

1. Cuestión terminolóxica.
2. Dimensión internacional do branqueo.
3. A recomendación do Comité de ministros do Consello de Europa.
4. A Declaración de Principios de Basilea.
5. A Convención das Nacións Unidas de 1998.
6. As recomendacións do Grupo de Acción Financeira.
7. A Convención de Estrasburgo de 1990.
8. A Directiva das comunidades europeas de 1991.

O primeiro bloque referido á cuestión terminolóxica céntrase na idoneidade ou non do termo «branqueo de diñeiro», mencionando ademais infinidade de posibilidades e outras acepcións que recibiu o tipo tanto ao longo da súa historia coma nos diferentes países e desde un punto de vista comparado. É un blo-que onde as referencias e notas bibliográficas son exhaustivas, así como a enumeración de autores e termos posibles. Comeza asegurando a evidencia de que no noso Código penal non se denomina «branqueo de diñeiro» as condutas reguladas nos artigos 301 e ss., con todo, como dicimos, si asegura a necesi-dade de adaptar a dita expresión á nosa linguaxe xurídica; di o profesor Abel Souto «que tropos como *blanqueo* ha abandonado los barrios marginales, los ca-nales parabancarios y la jerga de los sectores financieros (...) y aunque hubiese sido nuestro deseo rendir un humilde tributo a la técnica jurídica y a la preci-sión terminológica, no nos queda más remedio que sucumbir ante la fuerza de los acontecimientos y la falta de un *nomen iuris* mejor (...) acoger el término blanqueo de dinero».

O segundo bloque trata xa esa internacionalización do feito tratado na obra e a súa situación irremediamente transnacional que unicamente poderá ser solucionada con respostas transnacionais. Frente ao dereito penal clásico, que ten como centro neuráxico tipos como o homicidio ou a subtracción de bens; afirma que o dereito penal da globalización ten por paradigma o delito econó-mico organizado, e o seu centro xa non é o infractor único senón as relacións interpersoais, a criminalidade dos poderosos e a macrocriminalidade. Como so-lución establécese unha vía intermedia como é o dereito de intervención que se atopa entre o que sería o dereito penal e o dereito administrativo sancionador. Sen esquecer que co tempo será inevitable aplicar o núcleo duro do sistema pu-

nitivo convencional. En definitiva, que o dereito do branqueo de diñeiro constitúe un fenómeno global que só pode ser eficazmente combatido a través dunha resposta igualmente global.

Os capítulos tres e catro son eminentemente descriptivos e afectan ao que sería a resolución adoptada en 1980 polo Consello de Europa e o da Declaración de principios de Basilea de 1988. Son, digamos, capítulos de transición cara ao que xa será unha das claves de arco do traballo e que é a Convención de Nacións Unidas de 1988.

Ocupa a dita convención o capítulo V. É, sen ningunha dúbida, o primeiro instrumento que establece a obriga de introducir nos dereitos internos a tipificación penal de accións relativas ao branqueo. Polo tanto, o maior esforzo do autor céntrase precisamente na análise do que sería o tipo internacional de branqueo. O profesor Abel subliña a tremenda escuridade e indeterminación coa que a maioría das condutas tipificables aparecen aquí relacionadas. Establece, como principal característica a destacar desta norma, que, grazas a esta, as posteriores lexislacións nacionais se viron tremendamente influenciadas e seguirona en numerosas ocasións como faro de guía ao longo do sempre complicado exercicio de legislar en materia penal practicamente *ex novo*. Critica, tamén, as interpretacións que non lle parecen axustadas ao disposto na convención.

O seguinte capítulo do libro céntrase nas recomendacións do Grupo de Acción Financeira. Son sobre corenta recomendacións as do informe de 1990 (das cales evidentemente só nos interesan as relacionadas co ámbito penal). Ten como principal feito sobresaínte a petición reiterada de que os países inclúan como tipo delituoso o branqueo de diñeiro que describe e desenvolve a convención tratada no capítulo anterior. Pero a pesar da incorporación que fan numerosos países non o podemos entender como un éxito total (a pesar de que moitos destes países non pertencen ao grupo) xa que, na inmensa maioría destes casos, atopámonos ante unha incorrecta aplicación que fan certos países da normativa adoptada. Ademais, outro defecto desta suposta transcripción ao dereito interno dos países é as lagoas e baleiros que son máis que evidentes. Como aspecto máis destacable e positivo subliñamos a extensión do tipo xa non só ao que serían delitos de drogas, senón que aplicándollo tamén aos demais delitos graves. Cualifica a este Grupo de Acción Financeira como o órgano internacional máis autorizado para a formación de políticas contra o branqueo; así como o creador dunha política uniforme converténdose nunha ferramenta inxeniosa. Con todo, establécense importantes zonas xeográficas dignas de ulterior esforzo e guía, pois, a protección mundial do branqueo parece máis á pel dun leopardo con manchas de boa normativa e aplicación e espazos de impunidade.

O penúltimo capítulo céntrase no Convenio de Estrasburgo que é consecuencia das necesidades formuladas insistentemente no Consello de Europa e que agora, en 1990, se fan efectivas. Son aspectos indiscutiblemente positivos deste convenio a súa maior precisión fronte á convención de Viena de

1988; a súa máis adecuada especificación do modelo mínimo obrigatorio que fixa para as partes e, tamén, o máis amplo alcance dos seus efectos. Tamén se menciona a tardanza excesiva que supuxo a súa entrada en vigor polos evidentes retrasos que implicaron as ratificacións dos diferentes países. Caso especialmente sangrante é o español que tardou case oito anos e tivo que agardar ao cambio de goberno de 1997 para acelerar realmente a dita ratificación. O convenio conseguira xa as suficientes ratificacións en 1993. O autor céntrase intensivamente nunha análise da estrutura do convenio deténdose especialmente nos trazos chave concernentes aos feitos previos (constituídos por todo delito que xere un proveito económico), ao branqueo de bens substitutivos e aos comportamentos típicos. E, tamén, provoca importantes problemas que o dito convenio lle permita ás partes escoller, a través da correspondente reserva, os delitos base. Deste xeito, véñense permitindo solucións diferentes segundo cada país contradicindo así, evidentemente, o espírito uniformizador do convenio para conseguir unha eficaz cooperación internacional neste terreo, que unicamente se pode conseguir a través desa uniformización entre os ordenamentos internos e locais.

Outros aspectos que recolle son os relativos á admisión da proba indiciaria e a incriminación do branqueo cando o descoñecemento da orixe delituosa do ben sexa debido a negligencia.

O último capítulo da monografía dedícallo o autor ao exame da Directiva das comunidades europeas do 10 de xuño de 1991, onde o carácter administrativo sobresa fronte ao carácter penal. É bastante intensa a crítica e as reflexións que provocan a ausencia no espazo comunitario dun auténtico *ius puniendi* comunitario; con multitude de perspectivas e solucións para o futuro máis inmediato así como o pór de relevo a sentida necesidade dunha directiva tendente a potenciar a loita contra o branqueo baseada na coordinación continua e na harmonización das normas nacionais de desenvolvemento. O artigo 2 da directiva límitase tan só a sinalar que o branqueo está prohibido (a modo de recordatorio do deber de incriminalo). Esta case esixencia tan ambigua serviu, con todo, para que todos os países da hoxe Unión Europea tipificasen o branqueo. Este capítulo non deixa á marxe interesantes aspectos como poden ser o obxecto material do delito, as condutas de branqueo, a proba indiciaria, o branqueo imprudente ou o alcance extraterritorial da definición do branqueo. Esta directiva supuxo a posibilidade de pórle fin ao tremendo problema da lagoa comunitaria neste aspecto. Significou, tamén, un importante impulso no que sería a posterior modificación da lexislación administrativa contra o branqueo en todos os países da Unión.

Para rematar esta recensión sería convinte resaltar novamente aspectos tan subliñables como a profunda análise bibliográfica da obra, ou, o que é o mesmo, a súa exhaustiva documentación que é, sen ningunha dúbida, tributaria dun espeso fondo e preparación do seu autor. Ademais a súa fresca narrativa permite avanzar ao longo da obra sen maiores complicacións, producindo un perfecto

contrapeso entre o que sería esa forte documentación e esa dicción levadeira e agradecida. Quizais o único defecto para un lector non do todo preparado sexa precisamente esa abafadora bibliografía e referencias continuas, que, con todo, son á súa vez as que dotan a monografía do rigor sempre esixible.

Borja Verea Fraiz

Bolseiro da EGAP



NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

1. Os traballos serán orixinais, non publicados nin total nin parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografiadas a dobre espazo nunha soa cara e numeradas, e incluírán, de ser o caso, e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folia á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterá abreviaturas nin notas.
5. Inclúiranse co título do artigo catro ou cinco descritores a través dos que se poida clasificar o artigo.
6. Baixo o título colocárase o nome do autor ou autores, e incluírase ao pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ao pé. Acompañarase a versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ao final do manuscrito en folia á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situarase ao final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

Libros:

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

Artigos:

AUTOR (ano): Título do artigo, título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.

Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remitíranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismos, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegarase o enderezo postal e o teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para todos os efectos.
15. Os autores comprométese a corrixir as probas de imprenta nun prazo de sete días, e enténdese que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

Revista Galega de Administración Pública

EGAP

Pol. das Fontiñas, rúa Madrid, 2-4
15707 Santiago de Compostela.
Galicia. España.